

ACTA DE CONCESIÓN DA XV EDICIÓN HOMENAXE “O ESCRITOR NA SÚA TERRA”

O sábado 7 de febreiro de 2009 réunese ás 11.00 horas, no Museo do Pobo Galego, a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG para acordar, entre outros puntos da orde do día, o nome da escritora ou escritor que sería homenaxeado este ano na súa terra natal, no marco dunha iniciativa anual que, ao longo dos últimos catorce anos, se ten instituído na traxectoria da AELG como alternativa á celebración do Día das Letras Galegas, isto é, unha actividade que persegue o recoñecemento ao vivo e a posta en valor dunha figura clave do noso sistema literario contemporáneo que, colectivamente, andamos a construír. É vontade da AELG honrar con esta homenaxe os nosos escritores e as nosas escritoras en galego vivos, procurando, portanto, implicar a figura homenaxeada na propia xornada de celebración nun convivio humano e literario pleno e onde o territorio propio se convirta en copartícipe nesta vocación de honrar o escritor ou escritora de seu.

Para esta edición de marcada simboloxía popular, o Presidente da AELG, D. Cesáreo Sánchez Iglesias, presenta perante os asistentes á asemblea como única candidatura o nome do escritor de Vilalba, Agustín Fernández Paz, autor de extensa obra literaria, logo de nos ter ofrecido máis de 50 títulos que o converten en referente indiscutíbel da literatura infantil e xuvenil, unha produción ininterrompida que delata un compromiso vital e literario coa lingua galega, sempre en incesante proceso de recuperación e enriquecemento desde a súa pluma. Asemade, reséñase aquí o seu papel referencial para os docentes como

principal motor teórico de actualización pedagóxica para os e as profesionais do ensino na procura dunha escola autenticamente galega.

É por iso que a Asemblea de Socios e Socias da AELG aprobou nesta xornada, por unanimidade, concederlle esta XV Edición Homenaxe “O escritor na súa terra” ao escritor vilalbés Agustín Fernández Paz. Así mesmo, acordouse nomealo Socio de Honra da AELG en convivio de irmandade con aquelas outras figuras senlleiras e insignes da historiografía literaria galega que o precederon nas edicións anteriores: Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, M^a Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura Vázquez e Dora Vázquez, M^a do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo e Xosé Vázquez Pintor.

A AELG orgúllase da concesión deste galardón a Agustín Fernández Paz, cuxa creación narrativa e ensaística, para alén de reiterada e significativamente premiada, recensionada e traducida a múltiples linguas, reflicte o perfil dun amanuense da palabra, consciente, ao tempo, da súa necesaria implicación co país desde o compromiso activo e militante coa renovación pedagóxica, a dinamización da lectura coas novas xeracións e a normalización lingüística desde a escola.

Como Secretaria Xeral da AELG dou fe co visto e prace do Presidente.

Cesáreo Sánchez Iglesias

Presidente da AELG

Mercedes Queixas Zas

Secretaria xeral da AELG